



A UDC entre as 100 mellores Universidades do mundo e 5ª de España segundo a clasificación Green Metric 2022

O *Green Metric Ranking of World Universities* é un informe elaborado anualmente pola Universidade de Indonesia (UI) no cal se comparan os esforzos das universidades cara a **sustentabilidade ambiental e as políticas de xestión respectuosas co ambiente**, promovendo así a loita contra o cambio climático. Ao mesmo tempo, tamén pretende promover a mellora continua e o compromiso destas institucións para abordar os problemas de sustentabilidade.

Trátase do ranking de sustentabilidade de maior alcance e recoñecemento internacional. Na súa decimoterceira convocatoria, participaron **1050 Universidades dun total de 85 países**, o que supón un aumento na participación de case 100 Universidades respecto da pasada edición. As institucións foron analizadas en base a 6 eixos: Infraestruturas, Enerxía e cambio climático, Residuos, Auga, Transporte e Educación e investigación. A convocatoria fíxose baixo o lema "Accións colectivas para a transformación das Universidades sustentábeis na post-pandemia", buscando incorporar os esforzos das universidades para continuar os seus programas e políticas de sustentabilidade mentres "ensinan, aprenden e investigan" nesta época condicionada pola recente pandemia de Covid-19.




Gráfico 1. Total Universidades participantes e posición da UDC na clasificación ao longo dos anos.

Dende a súa primeira participación no 2016, a Universidade da Coruña (UDC) continúa a mellorar a súa valoración en cada convocatoria, conseguindo neste último *ranking* un resultado 75 puntos superior ao do 2021. Así e todo, o maior número de participantes e a mellora xeneralizada destes, fixo que non fora posible mellorar a posición final, situándose desta vez como a 90ª Universidade máis sostible do mundo, segundo o *Green Metric Ranking* (Gráfica 1). Así mesmo, dentro do sistema universitario español (SUE), a UDC sitúase como a 5ª mellor universidade, dun total de 29

participantes. Finalmente, a UDC continúa como a Universidade líder en sustentabilidade no contexto galego.

A puntuación acadada pola UDC (Táboa 1) en relación á máxima posible variou entre o 69,4% (Transporte) e o 95,8% (Residuos), evidenciando que existe unha importante marxe de mellora diante nosa, especialmente relevante nalgúns eixos.

Táboa 1. Puntuacións e posicións ocupadas pola UDC na clasificación Green Metric (2020-2021).

	Puntuación UDC 2022 ¹	Puntuación máxima	Porcentaxe respecto a nota máxima	Posición UDC no mundo 2022 ²	Posición UDC mundo 2022 (percentil)	Posición UDC en España 2022 ³	Diferenza de puntuación 21-22	Diferenza de posición UDC no mundo 21-22
Global	8.250	10.000	82,5	90	91	5	75	-41
Infraestruturas	1.075	1.500	71,7	262	73	6	-50	-117
Energía e CC	1.600	2.100	76,2	119	88	8	-50	-83
Residuos	1.725	1.800	95,8	49	94	4	75	14
Auga	900	1.000	90,0	86	90	2	50	24
Transporte	1.250	1.800	69,4	382	62	12	0	-61
Educación e Investigación	1.700	1.800	94,4	71	93	2	50	-11

¹ Puntuacións absolutas respecto ao máximo alcanzable. ² Total 1.050 Universidades presentadas. ³ Total 29 Universidades presentadas.

O ámbito de Transporte mantivo a súa puntuación, mais veuse arrastrado ata a posición 382 mundial, 61 postos por detrás do obtido na convocatoria anterior. Os ítems valorados neste ámbito con peores resultados foron: 1. Ratio de vehículos totais dividido pola poboación total do campus; 2. Servizos lanzadeira; 3. Ratio de área de parking respecto da área total e 4. Programa de transporte deseñado para limitar ou diminuír a área de parking no campus durante os últimos 3 anos. Estes indicadores inciden nas políticas e programas de limitación do uso do vehículo privado. Os resultados de GreenMetric mostran que moitas universidades avanzaron nesta cuestión máis do que o fixo a UDC.

Doutra banda, os ámbitos de Infraestruturas e Enerxía e cambio climático sufriron unha diminución de 50 puntos, despois dunha sinxela mellora obtida na anterior convocatoria. Deste xeito, empeoran a súa posición en 117 e 83 postos respectivamente. Isto debeuse en parte ao fin da vida útil das instalacións de enerxía solar térmica do centro de Bastiagueiro, que de momento non foron compensadas pola produción de enerxía fotovoltaica das novas instalacións que entraron en operación en 2021 noutros centros.




Gráfico 2. Resultado da clasificación Green Metric das 29 Universidades españolas participantes.



Mentres tanto, os eixos de Auga e Educación e investigación melloran en 50 puntos o seu resultado, situando á UDC na segunda universidade española nestes dous ámbitos. Así e todo, o resultado na posición mundial é ben diferente, avanzando 24 postos no primeiro ítem, pero acadando unha peor posición mundial no segundo caso. Finalmente, a puntuación obtida no ámbito de Residuos mellora en 75 puntos o resultado da convocatoria anterior, avanzando tamén 14 postos na clasificación mundial. Globalmente, o cómputo é modestamente positivo para a UDC, cun aumento de 75 puntos en sustentabilidade respecto do 2021, acadando na actual convocatoria da clasificación Green Metric a posición 90 mundial. Finalmente, na análise global, a UDC sitúase entre o 10% das mellores universidades do mundo, acadando o percentil 91.

A Universidade de Indonesia (IU) lanzou o resultado da Clasificación Universitaria Mundial de 2022 o 12 de decembro nun evento en liña emitido dende Iacarta (Indonesia). Nesta convocatoria, a lista das 10 Universidades máis sustentábeis do mundo segue un ano máis encabezada pola Wageningen University & Research (Holanda), mentres que en España a Universidad Complutense de Madrid lidera de novo a lista (Táboa 2). A posición das 29 universidades españolas presentadas móstrase na Gráfica 2.

Táboa 2. Lista das 10 Universidades mellor valoradas a nivel mundial e estatal.

Clasificación	MUNDO Universidade (País)	ESPAÑA Universidade
1	Wageningen University & Research (Holanda)	Universidad Complutense de Madrid
2	Nottingham Trent University (Reino Unido)	Universidad de Alcalá de Henares
3	University of Nottingham (Reino Unido)	Universitat Autònoma de Barcelona
4	University of Groningen (Holanda)	Universidad de Granada
5	University of California, Davis (EUA)	Universidade da Coruña
6	Umwelt-Campus Birkenfeld (Alemaña)	Universidad Rey Juan Carlos
7	University College Cork (Irlanda)	Universidad Autónoma de Madrid
8	University of Connecticut (EUA)	Universitat Politècnica de València
9	Universitat Bremen (Alemaña)	Universidad Miguel Hernandez de Elche
10	Universidade de Sao Paulo USP (Brasil)	Universitat de Girona

No Gráfico 3 pode observarse a evolución da puntuación (a) e posición (b) nos distintos eixos de sustentabilidade obtidos pola UDC nos últimos 6 anos. Como xa se indicou máis arriba, Residuos, Auga e Educación e investigación son os sectores nos que se dou unha mellora respecto da puntuación obtida en anos anteriores. Ao mesmo tempo, mantívose a puntuación para Transporte e diminuíu no caso de Infraestruturas e Enerxía e cambio climático. Así mesmo, foi só nos eixos de Residuos e Auga nos que se conseguiu unha mellora na clasificación mundial, respecto do ano 2021. Destaca o resultado estático obtido para o eixo de Transporte (1250 puntos nas últimas 4 convocatorias), mentres que cada ano empeora considerablemente a súa posición no ránking mundial, evidenciando



a mellora que se está dando a nivel de mobilidade noutras universidades, fronte ao estancamento neste aspecto da UDC.




Gráfico 3. Comparación da puntuación (a) e posición (b) obtidas pola UDC na clasificación Green Metric nas últimas 6 convocatorias (2017-2022). (Nota: no relativo á puntuación, debe terse en conta que a raíz da covid, nas edicións de 2021 e 2022 introducíronse indicadores novos e adicionais nalgúns dos apartados, o que fai que a evolución da puntuación non se reflita axeitadamente nunha comparación simple como esta).

A continuación detállase a comparativa nos diferentes eixos indicadores de sustentabilidade con respecto ás cualificacións obtidas polas Universidades líderes no mundo e no Estado Español, así como co resultado medio a nivel mundial e español. En termos xerais, para todos os indicadores obsérvase que a UDC se encontra relativamente preto das Universidades nº 1, **chegando a superar no eixo de Educación e investigación á líder en España** (Gráfica 4a). Así mesmo, atópase en todos os eixos por riba da media tanto española coma mundial, especialmente no referente a Auga, Resíduos, Infraestruturas e Educación e investigación (Gráfica 4b).




Gráfico 4. Detalle da distribución de puntuación da UDC nos 6 indicadores de sustentabilidade, respecto aos primeiros postos (a) e ás medias (b) mundial e estatal.

En conclusión, o resultado da Clasificación Green Metric 2022 valora os esforzos de sustentabilidade levados a cabo na UDC, así como os modestos avances conseguidos no último ano. Así mesmo, fai unha análise crítica dos aspectos a mellorar, entre os cales destacamos, novamente, a necesidade de

acción no ámbito da mobilidade, particularmente na necesidade e elaborar programas de limitación ao uso do vehículo privado dentro do campus. Polo tanto, estes resultados achegan moita información e marcan a liña de ruta para as futuras medidas e actuacións, co obxectivo de conseguir unha universidade sustentábel e á altura da situación de emerxencia climática e ecolóxica actual.

Máis información

- Web Green Metrics: <http://greenmetric.ui.ac.id/>
- Rankings Green Metrics: global mundial, por países e histórico de anos: <https://greenmetric.ui.ac.id/rankings/overall-rankings-2022>

Agradecementos

A Oficina de Medio Ambiente da UDC agradece a colaboración de todos aqueles servizos e persoal da UDC que recolleu a información requirida para podermonos presentar a esta convocatoria.



Imaxe: Diploma emitido polo Presidente de UI GreenMetric e a Reitora da UI, concedendo a Universidade da Coruña o posto 90 mundial en indicadores de sustentabilidade ambiental.